



Expediente número: PLN/2020/11

ACTA

**Sesión Ordinaria 11 2020 celebrada polo Pleno
do Concello o día 24 de setembro de 2020.**

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación, se procede, da Acta da sesión Ordinaria 10/2020 do 27/08/2020**
2. **Aumento das Gratificacións VI/2020**
3. **Aprobación Festivos Locais para o ano 2021**

PARTE DE CONTROL

4. **Dar Conta da Modificación dos Membros da Xunta de Goberno Local.**
5. **Dar Conta da Modificación dos Nomeamentos de Concelleiros/as Delegados e do Réxime de Delegación de Competencias nos mesmos.**
6. **Dar Conta da Modificación dos Membros das Comisións Informativas.**
7. **Actividades de control do pleno.**
 - 7.1 **Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**
 - 7.2 **Mocións.**
 - 7.3 **Rogos e preguntas.**

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





No Multiúsos da Xunqueira, local habilitado por Resolución da Alcaldía número 2020-2143 de data 21 de setembro de 2020 para a celebración da sesión do pleno, e sendo as vinte horas e trinta minutos do día 24 de setembro de 2020 coa presidencia da alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos seguintes concelleiros:

GRUPO MUNICIPAL POPULAR REDONDELA (PP)

MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA

IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

DAVID MUÍÑOS PORTELA

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REDONDELA (PSdeG-PSOE)

DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

MARÍA CASTRO ABAD

IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

ALBERTO ÁLVAREZ PÉREZ

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES REDONDELA 2019 (AER)

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO REDONDELA (BNG)

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria xeral, M^a Ángeles García Villaverde.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das persoas falecidas polo CoViD-19 e das vítimas da violencia de xénero.

2) Faise un receso ás 21.55 horas Retomase o Pleno ás 22.10

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





1. Aprobación, se procede, da Acta da sesión Ordinaria 10/2020 do 27/08/2020.

Dáse conta do borrador da acta da sesión Ordinaria número 10/2020 do 27/08/2020.

INTERVENCIONS:

O Sr. Amoedo, solicita as seguintes modificacións:

Na páxina 35, na intervención da Alcaldesa onde di: “A Alcaldesa a que regula a Pleno e ela, di que non vai facer esa política de rastreiros”, solicita a retirada da acta de esa frase, que por erro se transcribiu cando xa se acordara a súa retirada na acta da sesión anterior.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase coa modificación proposta polo PP, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

2. Aumento das Gratificacións V/2020

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de permanente de Economía e Facenda do día 21 de setembro de 2020 que di:

“A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que estarán pendentes de aboar tras a nómina de agosto.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar aos empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgada polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Tendo en conta que a cantidade restante para acadar o límite do artigo 7.2.c) do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril é de 40.947,49 € pode darse cobertura á solicitude de gratificacións realizada polos departamentos de Policía, Servizo Eléctrico, Medio Ambiente, Vías e Obras e Secretaría por importe de 20.371,34 € (9.539,37 + 10.931,97 €).

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-17.09.20.1 de 17 de setembro que consta de cinco páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 79.021,75 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

INTERVENCIONS.-

A sra. Castro lee a proposta.

Se traen as horas extra do mes de xullo e o mes de agosto. Se trata de aprobar estas horas para que podan ser abonadas na próxima nómina de outubro. Son relacionadas co control e prevención da Covid, a maioría. Por exemplo o reforzo da policía local pola celebración dos exames da EBAU, convocatoria que se realizou con moito éxito. Reforzos de fin de semana en relación co ocio nocturno de mes de xullo e primeira quincena do mes de agosto e control do peche de hostalería e furanchos para garantir o cumprimento das medidas sanitarias polo Covid. Non houbo ningún tipo de incidencia respecto aos furanchos. No mes de agosto se fixeron reforzos puntuais e outro polo entroido de verán porque o goberno coñecía de que había intención por algúns grupos de celebrar igual este evento aínda que estaba suspendido pero finalmente foi tranquilo e sen incidentes.

As horas realizadas polo resto de funcionarios, se adicaron a cultura e ocio, Redondela foi referencia pola gran coordinación. Tamén por roza de camiños.

O sr. González, por mor do Covid xa ten o que quería, e que esteamos neste lado de aquí (se refire ao lugar onde están sentados no Pleno). Tal como

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





explicou a responsable, ven que están xustificadas, pero lles crean moitas dúbidas horas realizadas para determinados departamentos, que son moi elevadas, e segundo que os sindicatos afirman que non se están ofertando da maneira máis transparente e queren que se faga de forma máis pública e obxectiva.

É unha proposta recorrente, que se trae ao Pleno a partir de mediados de ano, porque se esgota a partida que o goberno municipal pode manexar para pagar as gratificacións aos traballadores do Concello, o goberno non ten máis remedio que traer ao pleno as horas extra para que os grupos políticos se pronuncien e podería darse o caso de que non se aprobasen e os traballadores/as non cobraran.

O sr. Boullosa, expón que na enumeración de horas da policía local, chama atención o relativo ao entroido de verán. Foi porque se veu que mozos a través de grupos de wasap falaban de facer festas privadas. As demais horas son referidas ao control horario de terrazas, furanchos, servizo eléctrico, porque houbo unha avaría grande en Reboreda no fin de semana. Hai moitas horas nos eventos, porque si queremos actuacións culturais e queremos que saian ben dada a situación se necesitan horas de persoal. Hai unha forma de facelos que é esta, e outra como se facía antes era darlle a organización a empresas privadas. Así, hai facturas como as de a coordinación do segundo día do maior no ano 2019 de 4.760 euros, gala do deporte do ano 2018 4.600 euros, Chapela Fest 3.418 euros, primeiro día do maior 4.140 euros, son case 15.000 euros que se foron a unha empresa que substituíu o traballo que fan agora os traballadores.

O sr. Ballesteros, explica que este é un tema xa falado moitas veces, sempre se di que o que traballa ten que cobrar. Imos a entrar en detalle de outras cousas das que non falamos e incluso lle dou unha solución ao sr. Boullosa. No tema dos furanchos, solo dous días para controlar esta actividade, por qué so se usa á policía local para estas labores e por qué solo dous días.

Propón mandarlle un escrito á Subdelegación de goberno e veña a policía nacional. Coordinación de eventos, pero o que facían vostedes no ano 2015, AER presentou unha moción en relación que se siga unha orde de ofrecemento rigorosa. Fai referencia a un funcionario que é auxiliar administrativo e que igual estamos incumprindo porque cobra máis de 2.500 euros en horas extras.

Se dicían que nós o facíamos mal e contratábamos de calquera maneira, fagan vostedes ben. Unha persoa, sábado 1 de agosto, entra en horas extras as 10:00 h da mañá ata as 13:30 h e despois de 18:00 h ata as 24:00 h, e ao día seguinte ten 5 horas e media máis; o venres 7 de agosto despois das hora normais de traballo esta persoa traballa desde as 4 da tarde hasta a 1 da

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





madrugada do día seguinte, nove horas. Día 8 outras 6 horas e media de hora extras. E o grave de todo isto é usar un Auxiliar administrativo para traballos que pola súa categoría que non lle corresponden.

A sra. Castro, responde ao PP, como miran que as horas están ben realizadas, que se fan para evitar posibles problemas, que intentamos que non chegue a haber eses posibles problemas, tamén lle parece mal, non lle gusta nunca o que fai este goberno. Sobre as visitas que fixeron aos furanchos á policía local, foron excepcionais, eso non quere dicir que na xornada laboral non fagan visitas ordinarias. Foron nesas horas extras a moitos furanchos e destacando aqueles nos que poderían dar máis problemas. Sabe que o Concello ten un cadro de persoal moi minguado e máis en período de vacacións. Hai funcionarios que non queren facer horas extras e hai menos funcionarios onde escoller. Son horas extras derivadas dunha situación excepcional sanitaria. Estas persoas están facendo un traballo encomiable. Agradece este goberno de forma infinita porque moitos deixan as súas familias para vir a traballar. Esta crise necesita de traballo de todos e non necesita que ninguén estea poñendo zancadillas. Vostedes en oito anos non se molestaron en renovar estes cadros de persoal. É inexplicable que cando chegamos en 2019, había xente que non desfrutara das vacacións dende 2018. Se algún funcionario collera agora todos os días que lle deben non viñan a traballar en dous anos.

O sr. González di que aquí estivo un goberno que gobernou durante 8 anos e cando instaba o BNG a que había que organizar mellor esas horas, dicían que non había persoal e que había unha lei que non deixaba contratar. Botamos en falta esta planificación en cando a publicidade e contar cos representantes sindicais para organizar esas horas.

Con isto do Covid se plantexou que determinados sectores están baixo sospeita, o Covid non pode ser unha mingua de dereitos e danse situación que sobre todo a policía nacional se está extralimitando, e a policía local en menor medida. Non podemos aprobar esta proposta porque queremos darlle un toque de atención ao goberno local para que negocie cos sindicatos.

O sr. Boulosa, so facer 3 apuntamentos, primeiro comenta o sr. Ballesteros que no ano 2015 solicitouse unha listaxe de voluntarios que se anotasen a facer horas extras, temos ese listado que se lle pediu nesa moción? Segundo, cando saco facturas de empresas privadas e porque non substituían ás horas extras porque tamén necesitaban de horas extras, non son gastos que suplen aos horas extras, senón que estes súmanse aos outros. Terceiro, non solo traballou este persoal, tamén hai persoal que mudou as súas horas extras por tempo libre.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O sr. Ballesteros, di á sra. Castro que non lle parece mal nin se enfada, pero ten que entender que ao estar na oposición teñen que fiscalizar e teñen que ver os detalles, Agora pagan horas extras para limpar a senda da auga pola tarde, e ese tractor non pode andar pola mañá? Pasan durante 5 días horas extras para limpar Reboreda, Quintela e Saxamonde, e as outras seis parroquias? Iso é preocuparse polo pobo. As plantillas estaban minguadas antes e agora, o Covid aumenta os problemas, pero o non podemos cambiar as plantillas como nos da a gana, non podemos cambiar as plantillas en oito anos, estabamos minguados. Os traballadores teñen que cobrar pero todo isto, denota o descontrol. Culpar os antecesores é unha medida fácil e covarde, púñanse a traballar. Aínda non temos asimilado que non temos a comisaría da policía nacional en Redondela e temos que pagar as horas extras. Como dicía sempre o sr. Cabaleiro, sempre co mesmo sainete; e o próximo mes volveremos con isto.

A Alcaldesa, di que está encantada de que nomee o sr. Cabaleiro, porque fixo un gran traballo tanto na oposición como no goberno.

A sra. Castro di que non é consciente desas actuacións. Non ten inconveniente en poñerse de acordo cos sindicatos, a experiencia é que hai poucas persoas que quere facer esas horas extras e máis no período estival. Coa época de vacacións aínda hai menos posibilidades.

Ao sr. Ballesteros lle di que non sabe si o que é plantilla mermada. Hai prazas de convocatorias de 2017, 2018 non se convocaron, non son problemas de organización senón estruturais. Recoñecerá que si vostedes non arranxaron esta situación en oito anos non imos facelo nós en un ano. Vamos facer o que se pode como é convocar as prazas que están baleiras e non entende como non hai unhas listas de agarda para postos tan importantes como a informática ou arquitecto.

A Alcaldesa, é importante que a veciñanza saiba, en en relación a Policía Nacional, que é a primeira vez que hai tanta presenza da policía nacional, maña e tarde. A veciñanza está sorprendida para ben da presenza da Policía Nacional en colaboración coa Policía Local.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos concelleiros presentes 10 votos a favor (07 do PSdeG-PSOE e 03 de AER) e 11 abstencións (09 do PP e 02 do BNG).

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





3. Aprobación Festivos Locais para o ano 2021

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Interior, Transición Enerxética e Patrimonio do día 21 de setembro de 2020 que di:

“Tendo en conta o artigo 37.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.

Vista a consulta popular non vinculante realizada pola Concellería de Participación Cidadá na que se solicitaba que a veciñanza de Redondela se pronunciase sobre os días festivos locais que lle gustaría gozar no concello de Redondela, co seguinte resultado:

1º Xoves da Coca	con	2.124 votos
2º Luns do Cristo	con	1.870 votos
3º Martes de Entroido	con	287 votos
4º 24 de xuño, San Xoán (Solsticio de Verán),	con	129 votos

Esta Presidencia, en virtude do que antecede, propón á Comisión Informativa de Interior que ditamine favorablemente a adopción polo Pleno dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Fixar como Festas Locais para o ano 2021:

12 DE ABRIL – LUNS DO CRISTO

3 DE XUÑO – XOVES DA COCA

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo, á Xefatura Territorial de Pontevedra Sede Vigo do Servizo de Emprego e Economía Social.”

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





INTERVENCIONES.-

A sra. Castro, lee a proposta. Di que é a proposta que se trae todos os anos.

O sr. González, di que a pesar de que a voceira do PSOE quere darlle certa intrascendencia a este punto da orde do día, hai que darlla; A forma que utilizou o equipo de goberno foi unha enquisa, da que queren facer varias puntualizacións. Aquí hai dúas partes neste punto, a forma e o fondo. Hai un consenso bastante amplo no xoves da Coca pero hai máis discrepancia no outro festivo. Piden prudencia porque hai unha asociación, que lexitimamente, se mobiliza para aportar firmas, unha asociación con carácter relixioso vinculada coa fe católica, temos bastantes diferencias, pero hai que respectar, non comungamos con ela; pero que dende o goberno local hai que ter moito cuidado cos datos de carácter persoal, tendo en conta os datos que se filtran. E a segunda cuestión é o formato da enquisa, que non comparten, porque vinculado a esta enquisa dos días festivos se plantexou outra pregunta a veciñanza sobre a semi peonalización de algunhas rúas, que non ten sentido preguntar por unha iniciativa que xa o goberno puxera en marcha con anterioridade. Non cumpre con todos os requisitos de unha enquisa popular.

Despois de analizar os datos, foi un fracaso en canto á participación porque ronda os 800 inscricións, habendo aproximadamente 24.800 veciños maiores de 18 anos. Esta fórmula favorece ao PSOE, agora se vai amarrar a este respaldo de carácter popular. Recollemos nun punto do acordo de investidura de Digna Rivas, de goberno, a non asistencia da alcaldesa ás procesións, porque dende o respecto pero consideramos que os poderes públicos deben manterse na obxectividade.

Respectan as actividades do día do Cristo, ninguén cuestiona que os crentes poidan celebrar os seus rituais, pero consideran que nunha sociedade democrática no século XXI había que dar a oportunidade a novas manifestacións de días de lecer por parte do veciños e veciñas, e propoñen o 24 de xuño, o solsticio de verán, o día de San Xoán e o martes de entroido.

A sra. Couñago, explica o procedemento da enquisa. Quere deixar claro que é a primeira vez que se fai unha enquisa. Se decidiu que non fora vinculante pero si se quería a participación cidadá. Xa se dixo no anterior pleno onde se debateran os festivos locais. Si hai que cambiar o sistema se estudará. Se lle requiriu aos grupos políticos que propuxeran os días e sobre eses días de todos os grupos con igualdade se realizou a enquisa. Debemos tomar nota que hai que promover máis que os veciños opinen. Se ve que o xoves da Coca está moi arraigado, e que tamén saíu votado o día do Cristo, non o podemos negar. Aquí está a enquisa, todos os rexistros das votacións están no expediente electrónico ao que os grupos tiveron acceso dende o minuto un. Houbo un

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





presidente da Irmandade do Santo Cristo que mobilizou a xente para que votaran. A votación practicamente foi paralela na enquisa telemática entre martes de Entroido e Luns do Cristo. A postura de AER foi moi debatida internamente, sempre defendeu a aconfesionalidade incluso nas celebracións, eso motiva que AER se absteña, pero teñen respecto á enquisa. Saen favorecidos os días propostos polo PP e o PSOE.

A sra. Amoedo, di que é unha pena que non defenda este tema a nova concelleira de interior. Está ben que a sra. Couñago recoñeza que podería haber máis participación, pero para eso hai que traballar. Para participar ten que ofrecernos esta participación. Decidiron facer a enquisa entre o 15 de xullo e o 15 de agosto. Ademais non se molestaron en levar esta proposta aos consellos parroquiais.

Os cidadáns votan cada catro anos quen queren que gobernen. Non sei o PSOE o que levaba no programa, a sra. Rivas non tiña nin programa que o seu era un copia pega do PP.

Vostedes propoñen, en base a esta consulta, que dicían que non era vinculante, traen esta propostas, que pasa, falta valor? Por que a proposta do equipo de goberno non é distinta? Van facer exactamente o que dixeron esas 590 persoas, Así é como vai a funcionar este goberno? Non teñen un programa de goberno. Non sei como non preguntaron, se os veciños querían que limparan ou non as algas da praia.

O que vostedes publican no portal de participación cidadá, sobre a consulta popular; dicindo quen presenta un número determinado de instancias, non ó entende, nin porque fan a diferenza dos votos que se fan por rexistro presencial e telematicamente.

A sra. Castro, fai unha apreciación en relación ao peche das rúas. Se realizou nun primeiro momento como medida preventiva polo CoViD. Houbo moita xente que estivo encantada e outra que protestou e este goberno acordou consultar cal era a idea xeral da cidadanía.

Á sra. Amoedo, insiste de modo compulsivo e incluso obsesivo que o pacto do goberno PSOE-AER non funciona, que non cumpren o pacto. O PSOE tiña un programa electoral non unhas pancartas con infografías como o PP, tiña un programa electoral extenso. Aquí traemos o goberno PSOE-AER presentou unha fórmula para que a xente se pronunciara. A participación é escasa, se a fixera vostede seguramente habería unha morea. Fíxose por un prazo considerable dun mes, mellor imposible, estamos de vacacións, Redondela chea de xente e moita xente estaba para participar. Se queixaba de que non se fixeran as cousas de forma telemática, se fixo tamén no rexistro se deixaron

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





enquisas en moitos lugares, fixemos o procedemento como entendemos que se tiña que facer.

Ao sr. González, di que a proposta é para o PSOE máis fácil de defender, pensa que hai tradicións que son difíciles de cambiar. Si hai que cambiar que sexa unha proposta consensuada porque afecta á cidadanía. Non habendo unha proposta mellor asumen unha proposta tradicional.

Á sra. Amoedo, lle di que as persoas católicas celebran o Corpus Cristi e outras persoas o xoves da Coca.

O sr. González, di que o grupo PP vai dando bandazos para ver o que se pode criticar. O primeiro que fixo o PP foi criticar que se ía facer unha enquisa, agora que sae a súa proposta, tampouco lle vale. Dende o BNG plantexamos moitísimas dúbidas ao formato, hai unha cuestión que di a concelleira de participación cidadá que é certa, que é a primeira vez que se plantexa unha enquisa de este tipo.

Tamén é a primeira vez, nos gobernos municipais de Redondela, que fai unha concelleira de participación cidadá liberada. Pedimos que sexan máis rigorosos, porque si nas subvencións quedan sin cobrar porque non se presentan telemáticas, cando nos interesa poden ser telemáticas ou presencial. Non entenden a postura de que respectan a decisión popular pero non a van a apoiar.

Ao PSOE sempre lle supuxo un problema, un problema interno e agora creemos que hai un PSOE con persoas xovenes creen que é o momento para facer un cambio. Nós somos moi respectuosos coa fe que cada un quere profesar, pero é unha cuestión particular, as administracións públicas non estamos para promocionar ningunha de elas. Si para o ano se traen propostas que se saian desta liña, comparten o xoves da coca pero non o luns do Cristo e non poden apoiar esta proposta.

A sra. Couñago, di que hai unha consulta popular hai un resultado e non o vai apoiar. O BNG pode facelo e AER non. AER sempre votou en contra e agora por respecto vaise abster. O que conseguiu o PP foi confundir, en ningún momento a agrupación quere quitar o luns do Cristo, pedimos unha enquisa para consultar á cidadanía. E agora di vostede que enquisa no verán e Feijóo fixo unhas eleccións vinculantes e nós non podemos facer unha enquisa non vinculante. Sempre dixemos que queremos participación, somos os primeiros en recoñecer que o resultado favorece ao PP. Se facemos unha enquisa, malo e se non o facemos tamén. Enfrontamento coa veciñanza non eso é mentir, é unha enquisa para saber a opinión da cidadanía. As propostas aínda estamos esperando por elas. Ninguén me dixo nada.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





A sra. Amoedo, se dirixe á sra. Couñago porque non acepta ben as críticas. Nin vostede nin a Alcaldesa. Si quere vostede participación, facer unha comisión de interior e que participaran os grupos, ¿por que a Alcaldesa non convocou aos consellos parroquiais, por que non fixo un bando para que se supera que había unha enquisa?. Podían facer un boletín para darlle a xente. O que non poden pretender que governe o PP cando gobernen vostedes. Cando vostedes fan o procedemento como vostedes pensan fan unha autentica chapuza. Que me comparen estas enquisas coas eleccións que teñen un fin do mandato, aquí está o nivel que temos de goberno, mellor de desgoberno. Isto é unha administración pública e non un chiringuito. Esta chapuza é responsabilidade da Alcaldesa.

A Alcaldesa, lle pide que retire o de chapuza.

A sra. Amoedo, non retira o calificativo de chapuza.

Van vostedes a facer o que lle dixeron estas 590 persoas e pasamos de perfil e se van a abster. A Alcaldesa non se perde unha misa campestre.

A sra. Castro, que vostede que isto deixe de ser o órgano de goberno que é e sexa un sarao. Nada está ben o que fai este goberno. Todo o que non propón vostede non está ben. A proposta do PSOE sempre foi esta. Mentres no haxa outra mellor se trae esta como sempre. Destacar que á a primeira vez que se fai unha enquisa, deixe traballar vostede ten unha obsesión compulsiva. Esta enquisa fíxose para que a xente opinase. No programa do PSOE poñía que era intención facer as consultas populares que entendera importantes para a cidadanía.

A consulta levouse ás parroquias porque esas enquisas estiveron nos centros parroquiais, leváronse carteis e copias de enquisas. Os consellos parroquiais non se convocaron tamén por motivos evidentes.

A Alcaldesa, recalca que esta enquisa non é ningunha chapuza, que pode ser mellorable e que é a primeira vez que se fixo, o importante é que a veciñanza participe.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos concelleiros presentes sendo 16 votos a favor (09 do PP e 07 do PSdeG-PSOE) e 05 abstencións (03 de AER e 02 do BNG).

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Receso ás 21.55 horas. Reanúdase ás 22.10.

4. Dar Conta da Modificación dos Membros da Xunta de Goberno Local.

Dáse conta da Resolución de Alcaldía número 2020-1976 de data 02/09/2020, que transcrita di:

“Considerando que por Resolución da Alcaldía núm. 2019-1941 de data 9 de xullo de 2019, en uso das facultades que me confire a normativa local vixente, nomeei aos membros que componen o órgano colexiado da Xunta de Goberno Local.

Tras a renuncia do concelleiro Leonardo Cabaleiro Couñago, da que tomou consideración o Pleno en sesión ordinaria celebrada o 30.07.2020 e logo da toma de posesión na celebración do Pleno na sesión do 21.08.2020, do concelleiro Alberto Álvarez Pérez.

Vistos os artigos 21 b) e 23 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), 65 da Lei 5/97 de xullo da Administración Local de Galicia (LALGA) e 35, 43, 44, 46 e 5 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

RESOLVO

Primeiro: Nomear ao concelleiro ALBERTO ÁLVAREZ PÉREZ, membro integrante da Xunta de Goberno Local.

Segundo: A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/198 e na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Terceiro: Notificar a presente resolución ao interesado, dar conta da mesma ao pleno do Concello e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello sen prexuízo da súa plena validez e eficacia xurídicas a partir do día seguinte ao desta data.”

O Pleno do concello quedou informado.

5. Dar Conta da Modificación dos Nomeamentos de Concelleiros/as Delegados e do Réxime de Delegación de Competencias nos mesmos.

Dáse conta da Resolución de Alcaldía número 2020-1951 de data 31/08/2020, que transcrita di:

“Tras a renuncia do Concelleiro don Leonardo Cabaleiro Couñago, da que tomou consideración o Pleno en sesión ordinaria celebrada o 30.07.2020 por esta Alcaldía se require a modificación do réxime de delegación de competencias acordado mediante resolución da Alcaldía nº 1939 de data 9 de xullo de 2019, publicada no BOP de Pontevedra nº 138 de 19 de xullo de 2019.

Visto o artigo 21.3 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local publicada no BOE do 3 de abril e modificada pola lei 11/1999 de 21 de abril e pola lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local. (LBRL) e 61.3 e 4 da Lei 5/97 de xullo da Administración Local de Galicia (LALGA), publicada no DOG do 5 de agosto.

No uso das competencias que me confiren os artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF),

RESOLVO

1. Modificar parcialmente o réxime de delegación de competencias acordado mediante resolución da Alcaldía nº 1939 de data 9 de xullo de 2019, publicada no BOP de Pontevedra nº 138 de 19 de xullo de 2019, e delegar especialmente a dirección interna e a xestión en xeral, sen que poidan resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, nos seguintes concelleiros e concelleiras das seguintes áreas:

Economía e Facenda, Urbanismo e Vivenda, Emprego e Patrimonio, MARÍA CASTRO ABAD, inclúe os seguintes servizos:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





- Intervención
- Xestión de Tributos
- Tesourería
- Transferencias a Entidades Locais
- Administración Xeral de Vivenda e Urbanismo
- Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina
- Vivenda
- Promoción e xestión de vivenda de protección pública
- Conservación e rehabilitación da edificación
- PXOM
- Emprego
- Patrimonio

Deportes, Medio Mariño e Transición Enerxética IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO, inclúe os seguintes servizos:

- Promoción e fomento do deporte
- Instalacións Deportivas
- Piscina de Redondela
- Piscina de Chapela
- Campamentos
- Medio Mariño
- Transición enerxética

Seguridade e Interior e Eventos municipais, MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ, inclúe os seguintes servizos:

- Coordinación de eventos municipais

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





- Coordinación e organización das EELL, Interior
- Seguridade e Mobilidade Cidadá
- Seguridade e Orde Pública
- Ordenación do tráfico e estacionamento
- Grumir
- Protección civil

Vías e Obras, Benestar Comunitario, Feiras e Mercados e Transporte,
VICENTE LAMAS GUISANDE, inclúe os seguintes servizos:

- Vías Públicas
- Carpintería
- Pavimentación Vías Públicas
- Cemiterio e servizos funerarios
- Feiras
- Mercado de Redondela
- Mercado de Chapela
- Promoción e mantemento e desenvolvemento do transporte
- Outras actuacións sectoriais

Ensino e Conservatorio e Xuventude, OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS,
inclúe os seguintes servizos:

- Creación e funcionamento de centros docentes
- Ensino
- Conservatorio
- Actividades de mocidade

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Persoal (excepto xefatura superior), Parques e Xardíns e Limpeza Viaria, ALBERTO ÁLVAREZ PÉREZ, inclúe os seguintes servizos:

- Limpeza viaria
- Parques e xardíns
- Recursos Humanos
- Prevención de Riscos Laborais
- Concesións de vacacións e permisos laborais

2. Manter a favor de SUSANA COUÑAGO ANDRÉS a delegación xenérica, que abrangue tanto a facultade de dirixir a área correspondente como a de xestionar a mesma en xeral, con facultades de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, incluso a resolución dos recursos que se interpongan contra os actos ditados no exercicio das correspondentes competencias, da seguinte área:

Transparencia, Novas Tecnoloxías e Participación Cidadá, que inclúe os seguintes servizos:

- Transparencia
- Participación cidadá
- Novas tecnoloxías
- Novas tecnoloxía (WIFI)
- Padrón Municipal
- Consumo
- Radio Redondela

3. Manter a favor de ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ a delegación xenérica, que abrangue tanto a facultade de dirixir a área correspondente como a de xestionar a mesma en xeral, con facultades de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, incluso a resolución dos recursos que

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





se interpongan contra os actos ditados no exercicio das correspondentes competencias, da seguinte área:

Medio Ambiente, que inclúe os seguintes servizos:

- Administración Xeral do Medio Ambiente
- Outras actuacións do Medio Ambiente
- Protección da Salubridade Pública
- Hospitais e Centros de Saúde
- Saneamento
- Abastecemento domiciliario de auga potable
- Recollida, xestión e tratamento de residuos
- Xestión de residuos sólidos urbanos
- Alumeado Público

4. Manter a favor de DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ a delegación xenérica, que abrangue tanto a facultade de dirixir a área correspondente como a de xestionar a mesma en xeral, con facultades de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, incluso a resolución dos recursos que se interpongan contra os actos ditados no exercicio das correspondentes competencias, da seguinte área:

Cultura e Turismo, que inclúe os seguintes servizos:

- Administración Xeral da Cultura
- Biblioteca Pública de Redondela
- Axencia da Lectura de Chapela
- Arquivos
- Equipamento culturais e museos
- Aula de interpretación de Rande
- Programación cultural

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





- Protección e xestión do Patrimonio Histórico artístico
- Festas Populares e Festexos
- Ordenación e promoción turística

5. Dar traslado da presente resolución aos concelleiro/as interesados con indicación do réxime de recursos, sen prexuízo do seu carácter executivo desde o día seguinte ó do presente decreto. Advírteselle aos Srs. concelleiro/as delegados que a delegación deberá ser aceptada por estes, pero transcorridos 3 días hábiles desde o seguinte ao da súa notificación entenderanse tacitamente aceptadas se non manifestaran o contrario de xeito expreso diante desta Alcaldía,

6. Poñerse en coñecemento do pleno do Concello na primeira sesión que celebre, e publicaránse no Boletín Oficial da Provincia.”

O Pleno do concello quedou informado.

6. Dar Conta da Modificación dos Membros das Comisións Informativas.

Dáse conta da Resolución de Alcaldía número 2020-2059 de data 14/09/2020, que transcrita di:

“Mediante Resolucións da Alcaldía núms. 2019-2032 e 2019-2037 de datas 19 e 22 de xullo de 2019, respectivamente aprobouse a composición das comisións informativas creadas polo concello pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2019.

Tras a renuncia do concelleiro do grupo político municipal do PSdeG-PSOE Leonardo Cabaleiro Couñago, da que tomou consideración o Pleno en sesión ordinaria celebrada o 30.07.2020 e logo da toma de posesión na celebración do Pleno na sesión do 21.08.2020, do concelleiro do mesmo grupo político Alberto Álvarez Pérez.

Visto o escrito de designación de representantes presentado pola voceira do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire o artigo 48 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela con respecto á designación dos Presidentes.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Vista a resolución da Alcaldía n.º 1991 de 03.09.2020 modificando a composición das comisións informativas creadas polo pleno do Concello o pasado 12.07.2019, en canto aos representantes do grupo político municipal do PsdeG-PSOE e recibido escrito do grupo municipal popular con data 10.09.2020 e número de rexistro de entrada 3074 referido á designación de representante na Comisión Informativa de Deportes e Xuventude, veño a,

RESOLVER

Modificar a composición das comisións informativas creadas polo pleno do Concello o pasado 12.07.2019, ao fin de cambiar ao representante do grupo municipal popular na Comisión Informativa de Deportes e Xuventude, quedando compostas como segue:

-SERVIZOS SOCIAIS e IGUALDADE

Presidencia: DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

Vogais:

MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

XOÁN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

-PARTICIPACIÓN CIDADÁ, NOVAS TECNOLOXÍAS e TRANSPARENCIA

Presidencia: SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

Vogais:

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

YÉSICA GARCÍA CRUZ

-DEPORTES e XUVENTUDE

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Presidencia: IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

Vogais:

DAVID MUIÑOS PORTELA
OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS
DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ
YÉSICA GARCÍA CRUZ

-CULTURA e TURISMO

Presidencia: DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

Vogais:

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA
MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ
SUSANA COUÑAGO ANDRÉS
YÉSICA GARCÍA CRUZ

-URBANISMO, VIVENDA e INFRAESTRUTURAS

Presidencia: MARÍA CASTRO ABAD

Vogais:

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS
ALBERTO ÁLVAREZ PÉREZ
SUSANA COUÑAGO ANDRÉS
XOÁN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

-PLAN XERAL

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Presidencia: MARÍA CASTRO ABAD

Vogais:

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

ALBERTO ÁLVAREZ PÉREZ

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

XOÁN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

-ECONOMÍA e FACENDA

Presidencia: MARÍA CASTRO ABAD

Vogais:

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

ALBERTO ÁLVAREZ PÉREZ

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

XOÁN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

-PERSOAL, EMPREGO e DESENVOLVEMENTO LOCAL

Presidencia: ALBERTO ÁLVAREZ PÉREZ

Vogais:

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

MARÍA CASTRO ABAD

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

YÉSICA GARCÍA CRUZ

-INTERIOR, TRANSICIÓN ENERXÉTICA e PATRIMONIO

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Presidencia: MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

Vogais:

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MARÍA CASTRO ABAD

ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

XOÁN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

-MEDIO AMBIENTE, MEDIO MARIÑO e SANIDADE

Presidencia: ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

Vogais:

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

VICENTE LAMAS GUISANDE

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

XOÁN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

-PROCEDIMENTOS SELECTIVOS

Presidencia: MARÍA CASTRO ABAD

Vogais:

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

ALBERTO ÁLVAREZ PÉREZ

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

XOÁN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO”

O Pleno do concello quedou informado.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





7. Actividades de Control do Pleno.

7.1. Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.

7.2. Mocións.

7.2.1 Moción do BNG sobre o Protocolo de Adaptación ao contexto da CoViD 19 nos Centros de Ensino para o Curso Escolar 2020-21 e Moción do PSOE sobre a Deficiente Xestión do comezo do Curso Escolar por parte da Xunta de Galicia e o Intento de impoñer aos Concellos a Desinfección Extraordinaria dos Colexios, a pesar de Tratarse dunha Competencia Autonómica.

ANTECEDENTES:

Moción de BNG, relativa sobre o Protocolo de Adaptación ao contexto da CoViD 19 nos Centros de Ensino para o Curso Escolar 2020-21 con entrada no Concello o día 16.09.2020 con número 2020-E-RE-3.143 que se transcribe a continuación:

“De maneira clara e unánime as organizacións sindicais do ensino e as ANPAs así como moitos concellos amosaron o seu rexeitamento ao Protocolo de adaptación ao contexto da COVID19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-21. A proposta foi elaborada e aprobada unilateralmente pola Consellaría de Educación que se negou a negociar as medidas nel previstas así como os recursos necesarios para a súa implantación.

Así, atopámonos cun documento no que non se respectan os criterios establecidos por norma para o resto da poboación, como poden ser as regras de distanciamento persoal ou de aforamentos. Dende a Consellaría de Ensino, limitáronse a ir a remolque das presións exercidas dende as diferentes

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





seccións sindicais, anunciando a contratación de profesorado, malia que xa o curso se tiña iniciado. Non se contempla por parte da Consellería ningún tipo de complemento económico nin a contratación de persoal non docente imprescindible para reducir o número de alumnado por aula. Non se recollen medidas específicas de ningún tipo para o alumnado con necesidades de apoio educativo, o máis afectado durante o confinamento, nin medios de transporte nin recursos de reforzo a maiores. Tampouco se adopta ningunha medida que solucione os graves problemas que se manifestaron durante o confinamento á hora de impartir aulas de maneira telemática, como a fenda dixital no rural, a formación do profesorado e alumnado nin a aportación de materiais físicos e educativas para ter garantida a educación universal para os nenos e nenas.

A maiores, e desde o punto de vista municipal debemos ter en conta varios aspectos:

Tal e como vén recollido na Lei de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local, os Concellos non teñen competencias en Educación nin en Sanidade, xa que estas son exclusivas da Xunta de Galiza. Malia isto, a lei de Medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, establécese que as competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais que ten que asumir a Xunta de Galiza seguirán sendo prestadas temporalmente polos Concellos mentres non se estableza o marco normativo para a súa transferencia á Xunta. En materia de Educación as prestacións que á entrada en vigor da Lei prestan os Concellos limítanse ao mantemento e limpeza ordinaria dos centros educativos.

Á altura na que estamos, setembro de 2020, por parte da Xunta aínda non se iniciou a elaboración da necesaria regulación para dar cumprimento á lexislación, o que amosa unha clara intención de que sexan os Concellos os que sigan a exercer esta competencia que non lle é propia.

No Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 establécese as medidas xerais de limpeza nos centros de ensino non universitarios. Debería ser, polo tanto, a Xunta de Galiza, a administración con competencias en materia de educación e sanidade en Galiza, a que ten que asumir e financiar estes traballos e medidas de limpeza ás que fai referencia o Protocolo, non podendo ser os Concellos os que asuman nin a súa execución nin o seu financiamento.

Pola súa banda no Consello de Ministros de 16 de xuño de 2020 aprobouse o decreto polo que se transferirán ás comunidades autónomas 2.000 millóns de euros dos fondos COVID-19 para adaptar e cubrir as necesidades da Educación como consecuencia da pandemia. Parte destes fondos, lóxicamente, correspóndelles á Xunta de Galiza para financiar o incremento de

Concello de Redondela





custes derivados das medidas de adaptación ao contexto da COVID-19. Neste mesmo Protocolo regúlanse as condicións nas que se deben prestar as actividades extraescolares, o Plan Madruga e os comedores escolares.

No caso concreto de Redondela, as Asociacións de Nais e Pais, xa se teñen mobilizado en contra dun Protocolo no que a Xunta pretende que recaia toda a responsabilidade nestas asociacións no caso de que se produza algún contaxio naquelas actividades por elas organizadas, como comedores escolares, Plan Madruga ou extraescolares. Non só renuncia o goberno de Feijóo a asumir as súas responsabilidades, senón que carga sobre aquelas asociacións que están a suplir o papel da administracións.

As ANPAs redondelás, acordaron non realizar as actividades de comedor, Plan Madruga ou extraescolares, ata que non se lles exima de responsabilidade e se lles financie o sobrecoste das mesmas. Pretenden recuperar estas actividades, para conciliar a vida familiar e laboral, mais sen que iso supoña unha nova sobrecarga económica para as familias. Neste momento, ante a renuncia da Xunta a asumir as súas responsabilidades, o Concello debe ter en conta ditas necesidades destes colectivos que desenvolven unha actividade tan relevante, tanto no eido educativo como da conciliación da vida familiar e laboral.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, solicita a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

1. Amosar o rexeitamento ao Protocolo COVID19 para o ensino aprobado pola Xunta de Galiza así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.
2. Esixir á Xunta de Galiza a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios do concello de Redondela derivado da COVID-19, asumindo a totalidade do sobrecoste.
3. Apoiar as reivindicacións das asociacións de nais e pais do alumnado abrindo con urxencia por parte da Xunta de Galiza un diálogo para resolver os problemas que impedirían o desenvolvemento do Plan Madruga, dos comedores e das actividades extraescolares no curso 2020-2021.
4. Instar a que o Concello de Redondela, convoque as axudas para comedor escolar e Plan Madruga do curso 2020-2021 aumentando expoñencialmente a partida económica en diálogo co Consello Escolar Municipal.
5. Emprazar á Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas

Concello de Redondela





derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.

6. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e á CONFAPA Galicia.”

Moción de PSOE, sobre a Deficiente Xestión do comezo do Curso Escolar por parte da Xunta de Galicia e o Intento de impoñer aos Concellos a Desinfección Extraordinaria dos Colexios, a pesar de Tratarse dunha Competencia Autónoma. con entrada no Concello o día 15.09.2020 con número 2020-E-RE-3.111 que se transcribe a continuación:

“O dereito á Educación é un dereito fundamental recollido no artigo 27 da Constitución e os centros educativos son o espazo físico no que se desenvolve e articula este dereito. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias plenas e exclusivas en materia de Ensino, tal e como recolle o artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

A pandemia de covid19 supuxo un reto sen precedentes para o sistema educativo. Estamos nunha situación inédita e o curso escolar 2020-2021 comeza coa dificultade engadida do peche das aulas producido no curso pasado durante o período máis duro da pandemia. Tódalas Administracións competentes teñen xa manifestado a súa vontade de apostar pola educación presencial, conscientes de que a educación a distancia, a pesar do esforzo sen precedentes do profesorado, non substitúe o papel da contorna escolar, a interacción directa cos docentes, a socialización co resto do alumnado e, en definitiva, o proceso integral de aprendizaxe e desenvolvemento persoal das crianzas.

A maiores, o peche dos colexios xerou en Galicia o incremento das fendas e desigualdades sociais, debido á incapacidade de moitas familias para dispor dos recursos dixitais e persoais necesarios para optimizar a educación online. O papel da Xunta de Galicia, desentendéndose en gran medida do subministro dos equipamentos necesarios ás familias en risco de exclusión social, contribuíu decididamente a agrandar esa fenda. Foron os concellos, cos seus recursos, e as anpa, co seu esforzo, os que traballaron arreo para mitigar o problema. Nin uns nin outras recibiron apoio da Xunta.

Esta Corporación amósase partidaria, partindo das premisas de garantir a seguridade do alumnado, do profesorado e de todo o persoal, dun gran esforzo colectivo que faga posible a volta ás aulas e, por elo, manifesta o seu apoio a todas as accións que poida poñer en marcha o Goberno da Xunta de Galicia en consenso con todos os sectores da comunidade educativa. Un consenso que,

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





ata o de agora, botouse en falta e acabou provocando a suspensión de última hora do comezo das clases en Educación Secundaria e Formación Profesional.

O protocolo elaborado pola Consellería de Educación para a volta as clases concitou un rexeitamento total. O profesorado pide negociar un novo documento que garanta a seguridade sen descargala exclusivamente sobre os equipos directivos e no conxunto do profesorado. As anpa lamentan que non se lles teña escoitado, non se teña feito o posible para garantir servizos como os comedores, plan Madruga e actividades extraescolares e mesmo e dubidan da efectividade das medidas propostas no protocolo. E, finalmente, os concellos asisten atónitos a un novo intento da Xunta de recorrer ao coñecido “mecanismo” de establecer novas obrigas municipais, como a desinfección extraordinaria dos colexios de Educación Infantil e Primaria, sen o necesario acompañamento financeiro para levalas a cabo. Un recente informe do secretario xeral da Deputación de Pontevedra, emitido a instancias de varios concellos pontevedreses, deixa ben claro que non se trata dunha competencia municipal, senón autonómica. Un ditame que vén sumarse a outros doutras institucións e expertos que apuntan na mesma dirección. A día de hoxe, tan só a Xunta sostén que estamos diante dunha competencia municipal. Son xa moitas e moitos as alcaldesas e alcaldes que teñen anticipado a imposibilidade de asumir un gasto extraordinario. Nalgúns concellos pequenos, esta circunstancia mesmo pon en perigo a prestación de servizos municipais ordinarios.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, non outorga ás Entidades Locais non teñen competencias nin en Educación, nin en Sanidade e que estas son exclusivas da comunidade autónoma. Malia isto, na disposición adicional 4ª da Lei 5/2014, do 27 de maio, de Medidas Urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, establécese que as competencias autonómicas en materia de educación, saúde e servizos sociais seguirán sendo prestadas temporalmente polos concellos mentres non se estableza o marco normativo definitivo. En materia de educación, esta prestación temporal límitase ao mantemento e á limpeza ordinaria dos colexios. A Xunta, sete anos despois, aínda non legislou.

O protocolo da Xunta de Galicia sobre adaptación dos centros educativos á covid19 introduce no seu punto cuarto unha limpeza extraordinaria dos centros educativos durante a xornada lectiva que vai moito máis alá da limpeza ordinaria que nestes momentos se realiza polos concellos e que, por tanto, excede das competencias municipais temporais.

Comunidades autónomas como Baleares teñen asumido a limpeza extraordinaria dos colexios, dando por feito que trátase dunha competencia autonómica. A Xunta de Galicia non transferiu fondos para esta cuestión. A día

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





de hoxe, os concellos tan só teñen recibido axuda efectiva para paliar os gastos da pandemia por parte da Deputación de Pontevedra, que transferiu 1,7 millóns de euros dun fondo extraordinario durante o pasado mes de marzo.

Por outra banda, o Consello de Ministros de 16 de xuño de 2020 aprobou o Decreto polo que se creou o Fondo Covid19, dotado con 16.000 millóns de euros para transferir as comunidades autónomas. Deses cartos, 2.000 millóns aparecen como especificamente destinados á Educación e serán repartidos o mes de setembro, é dicir, en poucos días. Galicia recibe 92,9 millóns de euros extra do Goberno de España para Educación.

O vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, vén de manifestar estes días que a Xunta non vai repartir os fondos estatais que está a recibir entre os concellos e que a Xunta tampouco vai realizar transferencia adicional algunha de fondos propios. Á vista deste escenario de absoluta falta de colaboración institucional, moitos concellos xa teñen anunciado a súa negativa a desinfectar os colexios.

Diante desta situación, ou Pleno do Concello de Redondela ACORDA:

1. Esixir da Xunta de Galicia que asuma directamente os gastos de desinfección dos colexios ao tratarse, segundo coinciden numerosos ditames xurídicos, dunha competencia autonómica.
2. Para o caso de que a Xunta de Galicia acorde, nun proceso dialogado coa FEGAMP, que sexan os concellos os que realicen estes traballos de desinfección, que proceda a transferir total ou parcialmente a partida de 92,9 millóns recibidos do Estado para cubrir a totalidade deste gasto extraordinario.
3. Expresar o descontento do Concello de Redondela polos problemas que están a xurdir no comezo do curso, froito da falta de diálogo con toda a comunidade educativa e tamén cos concellos e reclamar da Consellería de Educación un cambio que permita afrontar os problemas que ocasiona a pandemia de Covid19 dende o entendemento entre tódalas partes implicadas e non dende a imposición.
4. Comunicar estes acordos á Xunta de Galicia e á FEGAMP.”

INTERVENCIONS.-

O sr. González, explica a moción, di que se no punto cuarto fala da importancia de Convocar o Consello Escolar Municipal, porque despois de este inicio de





curso tan complicado aínda non se convocou, e aí esta representada toda a comunidade educativa: profesorado, pais, sindicatos e Concello.

A sra. García, lee a exposición de motivos.

A sra. Couñago, di que están de acordo en canto ao fondo e incluso co argumentario. Todos os centros educativos de Redondela padecen todo o que se acaba de dicir. Consideramos que os nenos e as nenas son o noso futuro e sen futuro non hai esperanza. Lle gustaría facer referencia ás expresións da voceira do PP. Que vamos tarde, que é unha chapuza, que incompetentes, todos os calificativos que nos di se deben aplicar aquí. Feijóo non chegou ao inicio do curso escolar, non fixo nada. Ese Feijóo que non fixo máis que criticar as medidas do goberno central, que roubaban as competencias autonómicas, chegou setembro e non tiña nada feito. Si fixo enfrontamentos, facer un protocolo de maneira unilateral, sen negociar coa comunidade educativa. Tiveron que rectificar. Non se fixo nada en educación igual que en sanidade. Para o goberno do PP a educación non é importante, nin os nenos, será porque os nenos non dan votos. Lle parece vergoñento que comecemos o curso escolar así. É vergoñento que saia o Conselleiro dicindo que xa tiñan pensado retrasar o curso escolar.

A sra. Amoedo, responde que hai cuestións que non se poden negar, que é unha situación moi complicada e se está buscando unha solución para que se leven as clases coa máxima normalidade posible. PSOE e BNG traen unha moción unha vez máis para descalificar a un goberno. Un goberno que foi reelixido por maioría bastante ampla que a xestión era correcta. Deberá respectar iso xa que vostede é tan demócrata.

O texto do protocolo foi presentado dúas veces ante os sindicatos e tamén foi negociada coa Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino. Di que a Xunta non fixo nada durante a pandemia, na provincia de Pontevedra se cederon 6.486 ordenadores, algúns a familias de Redondela. Hoxe saíron as axudas as ANPAS para os comedores escolares por importe de 553.000 euros. Non chegaron os 92 millóns que fala o sr. González pero faltan 36 millóns máis que nos correspondería e que non están nesa fórmula.

A comunidade galega foi a primeira de toda España en presentar un protocolo. Despois do 27 de agosto que tiveron que esperar pola ministra o 31 de agosto tiña aprobado o protocolo. É prioritario garantir a seguridade dos nosos fillos nos centros educativos e unha ensinanza de calidade e tampouco pasa nada na situación que estamos que non se podan facer este ano actividades extraescolares.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O sr. González, di que a voceira sigue na liña do PP e desdicese do que dixo na campaña electoral, primeiro Redondela e para estar primeiro Redondela deberá apoiar esta moción. Mira que ben o fixeron o goberno de Feijóo que cesou a todos os cargos implicados. En canto as axudas das ANPAS, por exemplo Outeiro das Penas de 39.000 euros solicitados lle san 3.400 euros, non chegan ao dez por cento, e así o resto das ANPAS Igrexa-Chapela, Porto Cabeiro, Ernestina Otero... Cree que é axudar as ANPAS de Redondela? No Protocolo imposto pola consellería, en ningún momento se lles exige de responsabilidades aos membros das ANPAS, dos contaxios do CoViD. As ratios se manteñen pero non hai máis dotación para fondos para contratar máis persoal ou para reducir os ratios. Houbo xa folgas e vai dando empuxóns, sobrecargas ás directivas dos centros. A principal responsable do ensino público en Galicia, non dota de recursos económicos, asesoramento aos centros educativos, as ANPAS e incluso aos concellos. Que teñan que ser os concellos os que asuman os custes da limpeza dos centros educativos. As ANPAS están esperando para empezar. Teñen moito medo pero si hai vontade por parte da Xunta para eximilos son os primeiros interesados en que haxa comedores e o plan madrugá. Por iso pedimos que se incremente a partida do Concello para esas axudas. Que se triplique o importe.

A sra. García, di que a moción presentada é para defender a educación dos nosos nenos/as. O protocolo por casualidade se publica uns días despois das eleccións e lee o que dicía o protocolo respecto á limpeza establecendo que o concello ten que limpar tres veces ao día pero a Xunta tamén ten que limpar os centros da súa titularidade, e é moito gasto entón en agosto modifica o protocolo e cambian a desinfección dicindo “nos supostos nos que existan varias persoas dedicadas a servizos de limpeza, unha de ela realizara total o parcialmente na quenda de mañá, podendo realizarse rotacións nas quendas, cando as tarefas de limpeza se realicen por unha única persoa, realizará parte da súa xornada, polo menos un terzo, en xornada de mañá”, rectifican porque déronse conta de que ían gastar moitos cartos. O que fixo o Concello de Redondela é contratar a unha persoa para se faga a limpeza polas mañás. Non se pode sacar unha persoa de limpeza pola tarde e poñela pola mañá porque o colexio así non queda limpo.

O sr. Alberto Pazos dixo que en Redondela se entregaran 100 ordenadores, pero sabe polos centros que en realidade solo se entregaron 12 ordenadores 3 por centro, pola Xunta de Galicia.

Respecto as ANPAS, pola presión exercida rectificaron o protocolo para que as persoas poidan conciliar e as ANPAS poidan xestionar os comedores.

Concello de Redondela





No protocolo tamén di que os equipos directivos teñen que converterse en médicos, porque son os que teñen que facer o protocolo e facer o seguimento dos casos positivos.

Cando é a Xunta é unha situación excepcional, pero eso para o Concello non serve, nos ataca e non ten en conta a situación excepcional.

Esta concelleira está en contacto directo cos pais e o resto da comunidade educativa, escoita as súas inquedanzas e se intenta solucionarlas. Catro institutos non teñen desinfección polas mañás e o instituto Illa de San Simón a directiva presentou a dimisión porque non teñen desinfección pola maña.

A sra. Couñago, lee un comentario do Facebook e di que como veciña e como nai, se sente totalmente representada “Había opcións en educación? Eu creo que haber as había. Había unha opción, e son as opcións que podían adoptar as administracións que tiñan competencias. Unha opción contratar rastreadores, para controlar a epidemia, nos preparamos e haber que pasa. Outra opción reducir o ratio dos alumnos por clase e aumentar o número de docentes, melloramos os sistemas de ventilación e climatización. Terceira mellor a educación online e se mellora a conciliación, fortalecer os servizos sociais e se apoia aos máis vulnerables. E a última opción non facemos nada e a ver que pasa, lle dicimos que se laven moitas veces as mans, que abriguen aos nenos por si hai que abrir as ventás, e que cada un se compre a súa máscara, e lle dicimos que si caen son uns irresponsables”

Cal foi a opción escollida pola Xunta de Galicia en materia de educación? O deixo no aire. Ensina un cartel de propaganda da Xunta de Galicia, O cartel di: “Volvamos a Escola con Sentidiño” e afirma que para iso hai medios pero para dotar os centros de medios ao mellor, aí non. Para saír na TVG para iso hai medios pero para isto non. Os concellos asumirán pero que doten de medios económicos, porque están facendo o que non fai a administración competente. Pide que colabore a oposición que pida a Xunta que fagan algo.

A sra. Amoedo, di que non vai a xogar ao “y tu más”. É un problema que nos afecta a todos e hai que buscar puntos de consenso. A conselleira de ensino acaba de xustificar por qué non convoca o consello escolar, onde tamén está un representante da consellería de educación. Queremos vir aquí a facer panfletos políticos, pero a realidade é que hai 553.000 euros de axudas para as ANPAS e 1107 profesores que xa están dende onte incorporados ao centros de secundaria e FP. O Concello de Redondela iniciou as axudas para o material escolar. Foi o ministro Illa o que sacou ese real decreto para decidir quen desinfectaba os colexios. Temos a deputación, a deputación de Guadalajara e





a de Toledo sacaron axudas para os concellos para a desinfección dos colexios.. Hai que adaptar como se teñan que levar a cabo eses protocolos en cada actividade, e iso require tempo. Si a moción do BNG se vota por separado apoian o incremento das axudas do Concello.

O sr. González, di que a voceira do PP quere medrar dentro da estrutura do organigrama do PP como fixeron os seus excompañeiros, e aquí ven cun tono conciliador, que non ten nada que ver, co seu momento agresivo e autoritario utilizado en outros puntos do pleno, e aquí todo é dialogo e quen de tocar todas as administracións, fáltalle o Consello de Europa menos a que é responsable que é a Xunta de Galicia. O que ten que poñer cartos é o goberno da Xunta. O BNG presentou no Parlamento Galego a proposta da gratuidade das máscaras do alumnado, e o PP votou en contra, algo tan básico de uso diario. Esta negociando a Xunta coas ANPAS de Vigo, é o que necesitan para desmontar o tema de Caballero.

Aconsella ao equipo de goberno que se desvinculen das axudas de material escolar, saben que o 25% das solicitudes quedan fora por unhas axudas de 70 euros. Hai xente que ten débedas coa administración local porque están nunha situación grave económica.

A sra. García, di ao sr González, que si houbo unha modificación nas bases das axudas de material polo tema do CoViD. Di que no protocolo de xuño da Xunta a distancia de un metro, en agosto, de metro e medio. Tiveron que adaptar as aulas e outras instalacións para intentar cumprir coas distancias. Falta de profesores, no IES de Chapela faltan 8 profesores, no IES Mendiño faltan 2, no IES Florianí, no Illa, tamén faltan, non sei que fai a Xunta para solucionar isto. Se comprobou a existencia dunha fenda dixital e non sei se se fixo algo para solucionar isto. Déronlle 10 mascarillas aos mestres que duran unha semana, o resto do curso o centro terá que comprar máscaras para os mestres.

É unha moción que se debería aprobar case sen debate, xa que se está a defender a educación dos rapaces. Que concelleiro pode estar en contra de estas peticións?

A Alcaldesa, explica que dimitiu a directiva do IES Illa San Simón porque a Xunta non atende ás súas peticións relativas a desinfección.

VOTACIÓN E ACORDO.- Moción do BNG

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase, sendo, 12 votos a favor (07 do PSdG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG) e 09 votos en contra do PP .

VOTACIÓN E ACORDO.- Moción do PSOE

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase, sendo, 12 votos a favor (07 do PSdG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG) e 09 votos en contra do PP .

7.2.2 Moción do PP relativa ao Protocolo CoViD nas Instalacións Deportivas do Concello.

ANTECEDENTES:

Moción de PP, relativa relativa ao Protocolo CoViD nas Instalacións Deportivas do Concello. con entrada no Concello o día 17.09.2020 con número 2020-E-RE-3.166 que se transcribe a continuación:

“Dende o Grupo municipal do partido popular de Redondela queremos amosar a nosa preocupación pola mala xestión das instalacións deportivas nesta “nova normalidade” por parte do concello de Redondela e especialmente do seu responsable directo, o concelleiro de Deportes Ignacio González, creemos que o tempo que lle adica e insuficiente, tendo en conta o importante tecido deportivo da nosa Vila.

Neste mes de setembro son moitos os clubs da nosa vila os que están a retomar a súa actividade deportiva , cada un cas limitacións marcadas pola súa Federación , mais a meirande parte dos equipos son descoñecedores do protocolo elaborado polo concello, un protocolo que contén as normas nun Folio por unha carilla, fronte os 17 folios do protocolo publicado pola Secretaria Xeral de Deportes.

Entre outras, este protocolo carece de indicacións en cuestións tan importantes como:

- Como actuar en caso de ter un sospeitoso por Covid19.

Concello de Redondela





- Non se especifica cal é o espazo onde aislar a persoa sospeitosa de estar contaxiada.
- Non especifica o procedemento de desinfección a seguir das zonas empregadas pola persoa sospetiosa de dito contaxio.
- Non se especifica como usar ou a conveniencia de non compartir, alimentos bebidas e similares.
- Non fai referencia ao uso de transportes para o desprazamento dos deportistas ata as instalacións.
- Non fai referencia ningunha ao público, cando neste momento xa se está permitindo a entrada ás instalacións a mirar os partidos.

Respecto ao Protocolo elaborado pola Concellería de Deportes atopámonos cas seguintes carencias e indefinicións.

- O Concello non ten conserxes designados para facer o control das entradas e saídas nos pavillóns, a incoherencia deste equipo de goberno chega a tal punto que para entrar no Concello tes que pasar un control riguroso para levar a cabo calquera trámite (facer colas para poder entrar, desinfección de pes e mans, control de temperatura...) e nas instalacións deportivas o Concello non pon persoal responsable para realizar ditos controis aos deportistas.
- O Protocolo no seu apartado B) fala de manter a distancia interpersonal, pero non define cal é esa distancia, algo de suma gravidade.
- O Protocolo no seu apartado E) fala da prohibición de usar os vestiarios ata novo aviso,(aínda que somos coñecedores de que nalgúns dos pavillóns municipais estase a facer uso deles sen ningún control), mentres que no apartado F) falan do cambio de roupa, sen especificar que espazos se van a empregar, ou onde van a poder deixar as súas pertenzas os deportistas.
- O Protocolo no seu apartado H fala da desinfección das mans e do calzado coas solucións hidroalcolicas existentes nos accesos, algo que a día de hoxe se incumpre, xa que algunhas das instalacións deportivas, por exemplo, o pabillón da Marisma ou Porto Cabeiro, carecen de alfombras(algo ao que o Concelleiro fai mención nas Normas xenéricas de desinfección) e os dispensadores de hidroxel esgótanse antes de que finalice a xornada de adestramentos, non habendo ningún responsable do Concello para sustituiilos.
- As papeleiras que agora mesmo se atopan nas instalacións deportivas non cumpren co marcado no protocolo da Secretaria Xeral para o Deporte, xa que son papeleiras que carecen de accionamento non manual, ao igual que fala da

Concello de Redondela





sustitución das súas bolsas diariamente, algo que tamén se incumpre , o que supón un grave risco para a saúde de todos os deportistas.

- No protocolo faise mención a seguir os itinerarios de acceso e mobilidade sinalados nas instalacións, nalgunhas delas inexistente, para evitar o cruce de persoas, algo que non se pode cumprir porque tal é como dispoñen as normas os deportistas o rematar o seu adestramento teñen que voltar a recoller as súas pertenzas na entrada, xa que non se dispón no recorrido de saída de ningún espazo para depositalas.

Se ademáis de todo este descontrol e e falta de rigor na elaboración do protocolo, engadimos que son os propios clubs os que se teñen que facer cargo da limpeza e desinfección das instalacións municipais , sendo os deportistas ou os pais e nais dos propios nen@s que van a adestrar os que teñan que botarse ás costas a bolsa de sulfatar para limpar, co grave risco que isto supón para a saúde de todos pola falta de medios de protección necesarios e tamén pola falta de coñecementos de como realizar dita tarefa, engadindo tamén que os equipos xa están cos adestramentos en marcha , e que incomprensiblemente o Concelleiro non mantivo unha xuntanza cos clubs para explicar pormenorizadamente como afrontar unha temporada tan atípica onde a prevención é imprescindible para evitar contaxios colectivos.

Podemos dicir que Redondela deportivamente falando, atópase sumida no caos e na falta de información por parte dos seus responsables políticos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes ACORDOS:

1. Instar o Goberno do Concello de Redondela a que inicie o procedemento para que se contrate persoal necesario, para poder levar acabo o control das Instalacións deportivas, así como a súa correcta limpeza e desinfección.
2. Instar o Concelleiro de Deportes a que realice unha xuntanza cos clubs para coordinar esta tempada deportiva 2020/2021 tan atípica .
3. Instar o Concelleiro de Deportes a que manteña as instalacións con todas as medidas de protección e prevención marcadas polo Protocolo da Secretaria Xeral para Deporte e polas distintas Federacións.”

INTERVENCIONS.-

O sr. Muíños, lee a moción.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





A sra. García, di que por unha cuestión de forma e deferencia por respecto a SAR feminina debemos incluír as deportistas, porque en todo o texto da moción non aparece a referencia feminina, hai que acostumarse a ter esa deferencia non so coas deportistas senón tamén coas equipas directivas.

Acabamos de escoitar na anterior moción ao PP respecto á educación onde si é un autentico caos, e traen isto. Se preguntan si leron o protocolo da Xunta de Galicia, que porque o protocolo FisiCoViD da Xunta establece que a entidade responsable da actividade deberá garantir que os deportistas e as deportistas dispoñan do material de prevención e indican que ese material, pode ser dado polo titular da instalación, a entidade organizadora ou ben polos propios deportistas, descarga as responsabilidades en terceiros non na Xunta. Si aplicamos a coherencia, a que ten que asumir unha parte importante da responsabilidade é tamén a Xunta de Galicia.

Lles sorprende esta moción porque non lles chegou ningunha queixa por parte de ningún clube, referente a desinfección, distancia interpersoal. Estiveron en contacto con traballadores municipais, ensinaronos as medidas que se están levando nas instalacións, e certo que os vestiarios están con acceso prohibido para unha parte dos deportistas, máis tamén é certo que están habilitados para determinadas categorías, onde levan incluso, o nome pegado en cada porta do vestiario.

A Xunta de Galicia deixa caer todas as responsabilidades nas federacións, nenos e nenas e pais e nais, pedirlle dende o PP ao Concello que asuma isto é de traca. Ten unhas preguntas, para o voceiro do grupo PP si hai un descontento tal para traer esta moción, soamente nos indicou que unha vez por unha causa puntual non houbo xel para desinfectar a pista que ademais é soamente unha recomendación non é obrigado.

E para o concelleiro de Deportes de Redondela, se hai un protocolo máis extenso que as dúas páxinas, e se está publicado e distribuído, e os clubes teñen coñecemento do mesmo.

O sr. Villar, da a benvinda ao sr. Muíños, e dille que o meteron nun problema. Falaba antes a voceira do grupo popular que era una moción para descalificar un goberno, e agora presentan esta moción. Vostedes falan de fiscalizar, lle ensinaron que hai cousas que se poden preguntar por rexistro.

Tiña que asesorar ao seu compañeiro como se fai unha moción. Antes falaban das horas extras e agora falan de todo isto, de hidroxel, e despois molestan as horas extras. Lle parece que van levar zapatilla da boa nesta moción. Lle ensinou ao seu compañeiro como se contrata persoal no Concellos para unha

Concello de Redondela





pandemia do CoViD que é competencia da Xunta de Galicia, de Sanidade. A competencia de sanidade é exclusividade da Xunta de Galicia.

O sr. González, di que está cabreado e agradece a voceira do BNG que aclare son os clubs os máximos responsables dentro das instalacións.

O pasado sábado, o PP de Redondela enviou unha nota a prensa na que amosaba a súa preocupación pola seguridade sanitaria nas instalacións deportivas municipais. Eu podo asumir que se poña en tela de xuízo a miña labor como concelleiro de deportes, o que non vou a permitir e que se menosprece a labor dos conserxes, creando un gran malestar nestes funcionarios. Polo tanto remitenme este escrito que paso a ler:

“Cremos que o tempo que lle adica é insuficiente, o sr. Ignacio González ten contemplada unha adicación do cincuenta por cen, anteriores concelleiros de Deportes do PP tiveron asignada adicación similar, choca escoitar esta crítica xa que o anterior concelleiro o compaxinaba con ser adestrador e coordinar de un equipo do Concello de Noia, un traballo que levaba aparelado un desprazamento diario e concentracións antes das competicións, isto facíase co consentimento do alcalde e o amparo do seu grupo de goberno, choca polo tanto que se faga crítica cando as condicións non mudaron. No caso de Ignacio o seu traballo na parroquia de Chapela, e normal que un concelleiro teña unha profesión e traballo estable, e isto non fai que poida realizar o seu traballo na porcentaxe que ten asignado no Concello.

Co respecto o protocolo este documento estaba en proceso de elaboración, e o sr. Muñíos recibiu o mesmo da súa man.

Para paliar a urxencia de este documento, fíxose un primeiro documento era breve pero suficiente para empezar a exercitarse, as condicións son cambiantes e dificultou a redacción do documento final, o cal non quere dicir que as instalacións e os usuarios non teñan unhas regras claras polas que rexerse para previr situacións de risco, sumado os protocolos de cada federación. A mostra é que non houbo ningún caso de contaxio. Os conserxes do Concello, coñecen as normas e velan polo cumprimento de todas elas, os conserxes tamén teñen entre as súas funcións comprobar o acceso ás instalacións. É verdade que existe escaseza de persoal no departamento de Deportes, pero este problema non é novo, o alcalde anterior xa recoñeceu nun documento en marzo do ano 2018, a necesidade de contratar máis conserxes, proposta do organigrama e da estrutura de persoal de relación de postos de traballo do Concello, en máis de seis anos do mandato anterior, Javier Bas, non foi quen de aumentar o persoal, e esta situación precaria foi a que se atopou a presente corporación, e é a situación actual do Concello. O PP impón falsedades cando afirman que non se cambian as bolsas das papeleiras todos

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





os días, ou que non se rexeran os xeles hidroalcolicos, e que non teñen accesos claros para os usuarios.

A Alcaldesa puntualiza que o que leu o sr. González é un escrito que fixeron os conserxes e pediron que se lera no Pleno.

O sr. Muíños, di que trasladan as preocupacións dos clubs, e sí os hai que están descontentos, aínda que non llo digan a vostedes, e tamén dos pais e nais deste concello, traen esta moción porque están preocupados da deriva da concellería. Gustaríalle que contestase a porque ata o de agora os conserxes se encargaban do mantemento das instalacións, e agora nunha situación delicada prefire responsabilizar aos clubs, piden explicacións, pero sobre todo buscan solucións e pida axuda ou replantexe o seu postos. Os deportistas teñen que desinfectar os pes nunhas alfombras que non están é unha irresponsabilidade como concelleiro. Non podemos permitir que os equipos non poidan adestrar porque non haxa líquido para desinfectar a pista. Quen é responsable para volver a encher os produtos na máquina sulfatadora? E se este feito sucede no pavillón de Porto Cabeiro, de onde sacan os clubs eses produtos. Vostede é o responsable de que as instalacións municipais estean en boas condicións. Lee una nota do CSD, no pon que as autoridades locais de cada municipio onde se desenvolvan actividades federadas profesionais ou non profesionais, asumen a competencia total das instalacións deportivas onde teñen lugar.

A sra. García, expón que non sabe si leron o protocolo da Xunta que indica que a entidade responsable da actividade deberá garantir que se dispoña dos materiais de prevención e indica que o material pode ser dado polo titular da instalación, a entidade organizadora ou os propios deportistas; e que a desinfección das pistas é unha recomendación é non unha obriga. Tiñamos esperanza dende o BNG que o concelleiro de deportes explicara o protocolo. Non estaba de máis que se enviara ao BNG.

Falamos outra vez de os deportistas, os traballadores, os coordinadores, os usuarios, os adestradores e os delegados. Nun goberno que se establece dende o minuto cero con un discurso da Alcaldesa se define como feminista e que vai a ser unha cuestión transversal, non se pode permitir que en documentos públicos aínda apareza que a referencia para facer unha instancia sexa ó alcalde e non pode ser que nun protocolo o masculino porque é unha falta de respecto. Se se declara como tal empecen a practicalo. A cuestión de redacción é concienciación.

É unha cousa sacada de contexto polo PP, para ter outra vez confrontación. Preocúpalle a distancia de seguridade nos pavillóns e non lle preocupa nas escolas. Entenden que é unha preocupación existente nas familias as

Concello de Redondela





situacións das actividades deportivas, de ensino e demais, o cal é totalmente lóxico, e é normal que existe porque é unha situación pandémica. Neste verán fixéronse as ludotecas, na que o BNG fixo as súas aportacións para que houbera unha persoa por cada 15 nenos e non houbo ningún caso de CoViD.

A Alcaldesa, pide desculpas por non utilizar a linguaxe inclusiva no protocolo.

O sr. Villar, di que cando lle dixeron que había un escrito preguntou, porque para que os traballadores decidan implicarse no debate político... Pero é normal porque hai persoas que se están ofendendo, porque se está criticando por qué non se cambian as bolsas de basura, se ofenden e si non hai persoal e isto é unha pandemia. Falan de alfombras e o outro día había unha alfombra nun colexio que era do concello. Se miramos un pouco aos nosos veciños de Portugal cando ao principio da pandemia a dereita dixo que apoiaba a xestión do goberno para a pandemia.

É un rexistro que se podía preguntar e a meten como moción.

O sr. González, di que é unha moción oportunista unida a política descalificadora do PP, qué rápido se olvidou o presidente do Choco da entrega de material que lle deu a él persoalmente nas súas instalacións. O PP non valora a desinfeccións das pistas que non se realizan en outros concellos, que pouco valora o esforzo para coidar as súas nenas, e non o valora. Tampouco contempla o esforzo do concello en darlle medios aos clubs para protexer aos seus deportistas e tampouco contempla crer que os usuarios descoñezan a distancia interpersonal iso é como tomarnos por parvos. Se menospreza a labor dos conserxes, que esforzan día a día por dar un mellor servizo e están sempre preocupados pola seguridade dos usuarios, esta claro que todos cometemos erros, e con máis facilidade se os retos que se nos presentan son novos. Non é positivo centrarnos solo nos fallos, hai que ter unha visión construtiva e poñer en valor as cousas boas.

Este concello ten a sorte de contar con directivos e técnicos de clubs que son responsables, que facilitan que as instalacións poidan funcionar ben, a pesar das dificultades polo CoViD, é triste que o PP recorra ás dificultades que conleva a crise do CoViD, para facer oposición e así dar unha visión negativa da situación do deporte en Redondela. Colaboren concelleiros do PP.

O sr. Muíños, di que quen minte é vostede dicindo que son as nenas as que se botan a mochila ao lombo. O decreto sobre o que se basea o protocolo da Xunta ven do goberno central, e polo tanto tamén son responsables de por os cartos precisos o poñer en funcionamento as medidas especiais. O que vostede ten que facer é poñerse a traballar, xa que ten máis que xustifico contratar persoal, onde teñen que cumprir coas medidas de limpeza,

Concello de Redondela





desinfección e seguridade marcadas polo estado español, non se esqueza que vostede colleu ese cargo dicindo que podía levar cabo unha boa xestión deportiva, e a día de hoxe 1 ano e tres meses mire a diferenza co que fixo Julio Mougán. Dígame vostede cantas medidas novas acordou, xa llo digo eu cero. O que vostede non fixo, deixar de dar importancia ao deporte feminino, e retrasarse inxustificadamente na concesión das subvencións. Redondela ten un gran tecido deportivo froito de moito traballo e anos, e vostede o está destruindo en tempo récord.

A Alcaldesa, di que se nota moi ben quen redactou a moción.

A sra. Amoedo, di que a Alcaldesa se está aproveitando do seu cargo.

A Alcaldesa, di que é unha pena que se utilicen estas mocións para descalificar tanto os clubs e os conserxes.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, non se aproba, sendo 09 votos a favor do PP, e 12 votos en contra (07 do PSdG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

13. Rogos e Preguntas.

Non se manifestan.

E sendo as vinte e tres horas e cincuenta e nove minutos do día indicado no encabezamento, a sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

